

XIV FESTIVAL DE CINE DE OURENSE

O certame premiou a creatividade dos máis xóvenes, que se preparan para tomar o relevo

Cineastas e mestres queren que Educación inclúa no curriculum escolar unha materia de audiovisual

LAURA VÁZQUEZ - OURENSE - 14-10-2009

O cinema galego ten o futuro garantido. Unha nova xeración de cineastas recibiu os galardóns correspondentes ao primeiro certame OUFF Escola, una iniciativa que leva consigo unha reivindicación: incluír o audiovisual como materia nas aulas.

O OUFF Escola era unha das novidades desta décimo cuarta edición do Festival de Cine. Naceu con dous propósitos, o primeiro impulsar o uso do galego entre os máis xóvenes, e o segundo fomentar a creatividade audiovisual e o traballo en equipo empregando as novas tecnoloxías da información.

Cando se presentou esta nova proposta queríaase crear un espacio de referencia para mostrar ese audiovisual feito nas aulas.

A invitación enviouse a tódolos centros galegos. Dos 51 inscritos presentáronse finalmente 39 traballos, 19 de Secundaria e 20 de Infantil e Primaria. Pero sin dúbida o máis importante para o xurado foi descubrir a calidade desas pezas e a capacidade amosada polos participantes para primeiro idear un guión e despois porse diante e detrás da cámara.

Así, por exemplo entre as obras gañadoras destacan traballos como o que levou o primeiro premio na categoría de Secundaria, o presentado polo IES Alfoz de Lugo, 'Malos tempos', que relata unha historia enmarcada dentro da Guerra Civil. Especialmente divertido foi 'Non tocar', casi un experimento sociolóxico, co que os rapaces do C.P.I. Xanceda de A Coruña acadaron o segundo premio de Infantil e Primaria.

A representación ourensá chegou co I.E.S. Lagoa de Antela de Xinzo, mención especial polo emprego da arte da imaxe como ferramenta pedagóxica.

Desta primeira experiencia que terá continuidade en futuras edicións do OUFF despréndese unha reflexión que o xurado quixo facer en alto: nuns tempos nos que se fala a cotío de fomentar a lectura entre os máis xóvenes para por remedio a súa falta de interese polos libros, os responsables educativos non están a percibir que son as imaxes as que acompañarán durante toda a vida aos nenos e que para evitar que se convirtan en meros consumidores de cinema e televisión habería que por enriba da mesa a posibilidade de incluír no curriculum escolar unha materia centrada no audiovisual ca intención de formar espectadores críticos, capaces de diferenciar entre o bo e o malo e de dixerir contidos interesantes que esixan certo esforzo intelectual.

Dixo Chano Piñeiro que 'ningunha cultura pode sobrevivir sin audiovisual propio', onte en Ourense quedou claro que a galega ten garantida esa supervivencia.